

## 5. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - POEMAS DE TI E DE MIN II

ROMANCE DA CHU



Como xa sabemos, a natureza é un tema recorrente na obra do noso autor, neste cartel preséntase o *Romance da chuvia*.

A partir da temática do poema, vexamos a importancia da auga na vida e mais o problema da contaminación.

Facendo un percorrido histórico pola humanidade, atopamos que xa na Grecia clásica os filósofos como Platón e Aristóteles, entre outros, clasificaban a auga como un dos catro elementos que compoñen a materia.

Tamén sabemos que os primeiros astronautas definiron a terra como o planeta azul, xa que esta é a impresión que ofrecen os océanos vistos desde o espazo.

A auga está presente na atmosfera, pódese atopar en calquera dos seus estados: sólido (neve ou xeo), líquido (auga) e gasoso (vapor de auga).

A chuvia non é máis que a condensación do vapor de auga que está presente nas nubes. Na súa caída, distribúese de forma irregular; unha parte será aproveitada polas plantas, outra fará que o caudal dos ríos aumente e, a última e a maior parte, infiltrarase a través do chan e, discorrendo por zonas de texturas porosas, formará as correntes subterráneas que irán parar a depósitos naturais chamados xacementos ou pozos naturais ou acabará desembocando no mar.

O punto de resío é a temperatura á que o vapor de auga se condensa e forma o orballo, xeralmente en superficies que sofren arrefriamentos intensos. Se esa baixada das temperaturas está por debaixo dos 0º C, fórmase a xeadá.

Na atmosfera, o vapor de auga non se ve pero cando está en estado sólido ou líquido fórmanse as nubes e alí pode condensarse (pasa de gas a líquido) ou sublimarse (paso de gas a sólido).

Cando o peso da auga ou do xeo dentro da nube é o suficientemente grande (as gotiñas de auga adhírense unhas a outras por coalescencia) e supera a forza das correntes ascendentes que existen dentro das nubes prodúcese a precipitación en forma de choivas, nevadas ou sarabias.

A chuvia ácida fórmase cando a humidade no aire se combina co óxido de nitróxeno e o dióxido de xofre emitidos por fábricas, centrais eléctricas e vehículos que queiman carbón ou produtos derivados do petróleo. En interacción co vapor de auga, estes gases forman o ácido sulfúrico e ácido nítrico. Por último, estas substancias químicas caen á terra acompañando as precipitacións; iso chámase deposición ácida.

Esta deposición provoca queimaduras nas follas e debilitamento das plantas, fai máis soluble os sales de magnesio, calcio e outros nutrientes, que serán arrastrados polas augas provocando a desnutrición das plantas. Libera os metais pesados presentes no solo, chegando así ás augas subterráneas, ríos... Provoca o envelenamento de moitas especies animais nos ríos e lagos e tamén ataca as construcións arquitectónicas, especialmente as realizadas con materiais calcarios.

Como a auga é tan importante para os seres humanos, existen miles de contos, lendas e relatos populares que teñen relación coa auga.

Nas costas fálase de mar embravecido, de afundimentos, réndeselle homenaxe ao mar, fonte de riqueza e desgraza ao mesmo tempo.

Nas zonas interiores destaca a existencia de fontes milagreiras e lagoas encantadas.

Xa no ano 43 a. C. nas *Metamorfoses* de Ovidio relátase: "O home naceu a partir dun xérmolo mesturado coa auga da chuvia". E tamén é un tema que aparece na poesía do noso autor.

